



## Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

### DECRETO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 29/08/2019

María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes conclusos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria ordinaria que terá lugar no Salón de Plenos da Casa do Concello, o próximo xoves 29 de agosto ás 20,30h en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

**SEGUNDO.** Establecer a seguinte ORDE DO DÍA para a devandita sesión:

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta de data 25/06/2019.
2. Dar conta de decretos da Alcaldía e asuntos varios.
3. Moción do grupo BNG sobre as carencias no centro de saúde de Betanzos.
4. Moción do grupo BNG sobre as deficiencias no servizo de axuda no fogar.
5. Moción do grupo PP para que o concello elabore un plan municipal de infancia e adolescencia.
6. Solicitude do grupo PP de comparecencia da delegada de servizos sociais e igualdade.
7. Rogos e preguntas

**TERCEIRO.** Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

#### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

María Barral Varela

O Secretario en réxime de acumulación (Resol.DXAL de 04/10/2018)

(Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18 do 16 marzo)

Rafael del Barrio Berbel